

NOTA INFORMATIVA FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO DA XUNTA (CURSO 2023/24)

- A norma que regula o fondo solidario de libros de texto é a ORDE do 10 de maio de 2023 (DOG 19 de maio de 2023).
- **O prazo de solicitudes vai do 20 de maio ao 21 de xuño (ambos incluídos) para todos**, agás para o alumnado que vaia repetir 4º da ESO no curso 2023/24 ou que non sexa admitido nunha FP Básica, que tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.
- As listaxes provisionais de solicitantes publicaranse o **12 de xullo**. O prazo de reclamacións rematará o **14 de xullo**. A intención é entregar os libros de 1º e 3º curso da ESO na última semana de xullo, e entregar os libros de 2º e 4º da ESO durante a primeira semana de setembro, dependendo da súa dispoñibilidade. Publicaranse os días concretos na web e no taboleiro de anuncios do centro.
- As listaxes definitivas de solicitantes publicaranse o **21 de xullo**. As familias poderán informarse no centro sobre os libros que lles corresponden ou facer a consulta a través da aplicación fondolibros. Os libros deberán ser recollidos por un representante legal do alumno/a, que deberá firmar o xustificante de entrega.
- Para poder optar a estas axudas é condición necesaria ter devoltos os libros recibidos a través do fondo solidario da Xunta de Galicia no curso 2022/23.
- O prazo para a devolución dos libros de préstamo deste curso farase **preferentemente antes do 21 de xuño**, sendo posible facelo sen cita previa. A partir desa data, haberá que devolvelos na quenda que lle corresponda matricularse ao alumno/a ou con cita previa, e **en todo caso, antes do 30 de xuño**. As quendas publicaranse na web e no taboleiro de anuncios do centro.
- É importante solicitar o xustificante de entrega de libros, para evitar posibles erros e ter constancia do estado de devolucións de libros particular de cada alumno/a.
- Para calquera dúbida sobre o sistema de axudas ou devolucións, ou calquera reclamación sobre a listaxe de libros a entregar, pode poñerse en contacto co instituto no número **881 960 150**.

A Secretaria